Cine e literatura

El fantasma de la ópera
(2004)
Joel Schumacher



La llave de Sarah
(2010)
G. Paquet-Brenner



Todo es silencio
(2012)
José Luis Cuerda

El hobbit: un viaje inesperado
(2012)
Peter Jackson

Las ventajas de ser un marginado
(2012)
S. Chbosky

Divergente
(2014)
Neil Burger



A esmorga
(2014)
Ignacio Vilar



Ciudades de papel
(2015)
J. Schreier



Insurgente
(2015)
R. Schwentke



Reseñas das películas: www. filmaffinity.com

IES POETA AÑÓN -Outes-

Páxina web: www.edu.xunta.es/centros/iespoetaanon

Club de lectura: http://laretas.blogspot.com

BIBLIOTECA
IES POETA AÑÓN-OUTES



NOVIDADES DE CINE

MARZO 2016

Los pájaros
(1963)
Alfred Hitchccok
TERROR

Obra mestra do xenio do cine de suspense baseada nun relato de Daphne du Maurier que nos achega ao terror da man duns paxaros .

El sexto sentido
(1999)
M. Night Shyamalan
TERROR
INTRIGA

Un coñecido psicólogo infantil de Philadelphia obsesionado polo recordo dun paciente desequilibrado ao que foi incapaz de axudar, coñece a un neno de oito anos -cun don sobrenatural- que necesita tratamento.

Philomena
(2013)
Stephen Frears
DRAMA

Unha adolescente irlandesa que vive nun internado de monxas, queda embarazada e vese obrigada a dar ao seu fillo en adopción. 50 anos despois, decide contarllo á súa filla e ponse en contacto cun xornalista da BBC para que lle axude atopar ao seu fillo.

La isla mínima
(2014)
Alberto Rodríguez
THRILLER
INTRIGA

España, anos 80. Dous policías, ideoloxicamente opostos, son enviados desde Madrid a un remoto pobo do sur, situado nas marismas do Guadalquivir, para investigar a desaparición de dúas mozas adolescentes.

Inside Out
(2015)
P. Docter-R. del Carmen
ANIMACIÓN

Riley é unha moza que goza ou padece toda clase de sentimentos. Aínda que a súa vida estivo marcada pola Alegría, non entende moi ben por que motivo ten que existir a Tristeza.

Forrest Gump
(1994)
Robert Zemeckis
COMEDIA
DRAMA



Forrest Gump sofre desde neno un certo retraso mental. Malia todo, grazas á súa tenacidade e ao seu bo corazón será protagonista de acontecementos cruciais do seu país durante varias décadas .

Dios mío, pero ¿qué te hemos hecho?
(2014)
Phillipe de Chauveron
COMEDIA

Un matrimonio católico e moi conservador ten catro fillas, ás que trataron de inculcar os seus valores e principios. Con todo, as mozas só lles deron desgustos: a maior casou cun musulmán; a segunda, cun xudeu, e a terceira, cun chinés. O matrimonio deposita todas as súas esperanzas na filla menor, esperando que, polo menos ela, case pola igrexa

¡Ay, Carmela!
(1990)
Carlos Saura
COMEDIA
DRAMA

Durante a Guerra Civil española un grupo de cómicos ameniza como pode a vida dos soldados republicanos; pero, cansos de pasar penalidades na fronte, van a Valencia. Por erro, van parar á zona nacional, onde caen prisioneiros.

Riff-Raff
(1990)
Ken Loach
DRAMA
COMEDIA

Un mozo obreiro de Glasgow recentemente saído do cárcere consegue traballo en Londres nunha empresa da construción. Na capital británica Stevie namórase dunha moza cantante adicta ás drogas

Interstellar
(2014)
Christopher Nolan
CIENCIA FICCIÓN

Ao ver que a vida na Terra está chegando ao seu fin, un grupo de exploradores embárcase na que pode ser a misión máis importante da historia da humanidade

Ocho apellidos vascos
(2014)
Emili Mtnez. Lázaro
COMEDIA

,Rafa é un señorito andaluz que nunca saiu de Sevilla. Todo cambia cando coñece a unha muller que se resiste aos seus encantos: é Amaia, unha moza vasca. Decidido a conquistala, trasládase a un pobo do País Vasco, onde se fai pasar por nativo.

12 años de esclavitud
(2013)
Steve McQuueen
DRAMA

,Baseada nun feito real ocorrido en 1850, narra a historia dun culto músico negro que vivía coa súa familia en Nova York. Tras tomar unha copa con dous homes, Solomon descobre que foi drogado e secuestrado para ser vendido como escravo nunha plantación de Louisiana. Todos ao seu ao redor sucumben á violencia e á desesperación. Pero el decide non renderse .

El intercambio
(2008)
Clint Eastwood
DRAMA
INTRIGA

Christine Collins é unha nai solteira cuxo fillo desaparece sen deixar rastro. Algúns meses despois, a policía comunícalle que atopou ao neno, pero, nada máis velo, Christine dase conta de que non é o seu fillo.

La buena mentira
(2014)
Philippe Falardeau
DRAMA

Un refuxiado da guerra civil sudanesa convive nos Estados Unidos con outros nenos sudaneses. Trala súa chegada a América, os pequenos coñecen a unha traballadora social que, consciente da súa traxedia, trata de ensinarlles como deben desenvolverse nun mundo tan distinto ao seu

Mr. Turner
(2014)
Mike Leigh
DRAMA

Artista recoñecido, Turner vive co seu pai e a súa ama de chaves. É amigo de aristócratas, visita bordeis e viaxa frecuentemente en busca de inspiración. Malia a súa fama, tamén é vítima das burlas do público e do sarcasmo da sociedade. Trala morte do seu pai, decide illarse. A súa vida cambia cando coñece a Mrs Booth,.